

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA**

EXTRACTO da Resolución do 30 de decembro de 2025 pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas para a mellora da capacidade da innovación das empresas en Galicia, a través do financiamento das actividades integradas en plans de deseño e innovación (programa Igape Innova), e se convocan para os anos 2026-2027 en réxime de concorrência competitiva (código de procedemento IG408L).

BDNS (Identif.): 880747.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións:

<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/880747>

Primeiro. Persoas beneficiarias

As pequenas e medianas empresas galegas (pemes) ou cun centro de traballo en Galicia para as liñas 1 e 2 e as grandes empresas galegas ou cun centro de traballo en Galicia para a liña 2.

Consideraranse pemes as empresas que, na data da solicitude, respondan á definición de peme establecida pola Comisión Europea no anexo I do Regulamento (UE) 651/2014 e con forma xurídica de sociedade mercantil.

As persoas beneficiarias das axudas deberán contar con capacidade administrativa, financeira e operativa suficiente para a execución da axuda que se lles conceda, cuxas condicións se determinarán na resolución de concesión correspondente.

Segundo. Obxecto

As axudas concédense en réxime de concorrência competitiva e teñen por obxecto a concesión de axudas destinadas a pemes e grandes empresas con centro de traballo en Galicia, co obxectivo de incrementar a súa capacidade innovadora mediante a introdución de innovacións significativas que incrementen a súa competitividade, a través da aplica-



ción do deseño, da xeración e incorporación de coñecementos, tecnoloxías e innovacións destinadas á mellora de procesos e á creación de produtos e servizos tecnoloxicamente avanzados e de maior valor engadido.

Igape Innova financiará actividades integradas en plans de deseño e innovación, segundo a súa finalidade, mediante as seguintes liñas de actuación:

Liña 1. Plans de innovación en procesos e organización.

Liña 2. Plans de deseño para a innovación e a sustentabilidade.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Resolución do 30 de decembro de 2025 pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas para a mellora da capacidade da innovación das empresas en Galicia, a través do financiamento das actividades integradas en plans de deseño e innovación (programa Igape Innova), e se convocan para os anos 2026-2027 en réxime de concorrencia competitiva (código de procedemento IG408L).

Cuarto. *Importe*

Os créditos dispoñibles para concesións nesta convocatoria aboaranse con cargo á aplicación orzamentaria 09.A1.561A.770.02 por un importe de 4.000.000 €, e coa seguinte distribución plurianual:

Liña 1: 1.000.000 € no ano 2026 e 1.000.000 € no ano 2027.

Liña 2: 1.000.000 € no ano 2026 e 1.000.000 € no ano 2027.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes de axuda comezará a computar a partir do día seguinte ao da publicación da resolución de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* e será dun mes contado desde as 9.00 horas do día de inicio do prazo e ata as 14.00 horas do día en que se cumpra o citado prazo dun mes.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2025

Ainhoa Mallo Martínez
Xerente do Instituto Galego de Promoción Económica

CVE-DOG: qfcwzcv2-cbd2-txx3-p1l6-qgaemupq1gf0

